

Regulamento de uso da marca de garantía “Galega 100%”

en leite e produtos lácteos

Capítulo I: Disposicións xerais

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

A Asociación Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite, en diante LIGAL, é unha asociación sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública, con domicilio social na estrada AC-542, Km 7, Mabegondo, 15318 Abegondo, A Coruña.

O LIGAL creou a marca de garantía denominada “Galega 100%” para as empresas que elaboren leite e produtos lácteos e que desexen garantir aos consumidores que a materia prima dedicada á elaboración de leite e produtos lácteos procede exclusivamente de explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada, creado mediante o Decreto 57/2010, do 8 de abril.

A marca virá definida polos seguintes documentos:

Regulamento de uso da marca de garantía “Galega 100%”, que inclúe os seguintes anexos:

- Anexo I.- Imaxe e manual de uso da marca de garantía “Galega 100%”.
- Anexo II.- Solicitud de uso da marca de garantía “Galega 100%”.

Artigo 2.- Obxecto.

Este documento ten por obxecto definir as condicións que deben cumprir o leite e os produtos lácteos para a concesión do uso da marca “Galega 100%”, así como as condicións do uso desta.

Artigo 3.- Alcance.

O presente regulamento é aplicable á certificación do leite e aos produtos lácteos que faculta o uso da marca “Galega 100%”. Os produtos aos que é aplicable son o leite e os produtos lácteos identificados no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas.

Artigo 4.- Titularidade e administración da marca.

4.1.- A marca "Galega 100%" é de titularidade do LIGAL, e está inscrita na Oficina Española de Patentes e Marcas, a súa imaxe e o seu manual de uso figuran no anexo I deste regulamento.

4.2.- O LIGAL xestionará e administrará a marca "Galega 100%", para o que asinará contratos de licenza de uso con aqueles operadores que se comprometan a respectar as condicións que se establecen neste documento, na normativa xeral de aplicación e nas normas complementarias que o LIGAL poida establecer para un bo uso da marca.

Artigo 5.- Réxime xurídico.

A marca rexerese polas disposicións contidas neste regulamento, os seus anexos e as normas que o desenvolvan, así como polo establecido na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas. Así mesmo, serán de aplicación as disposicións autonómicas e estatais que rexan na materia.

Artigo 6.- Operadores lexitimados para usar a marca.

Só poderán usar a marca os operadores autorizados polo LIGAL. Para obter tal autorización deberá terse presentado previamente unha solicitude para tal efecto, de acordo co recollido no capítulo IV deste regulamento.

Considéranse operadores, para os efectos da utilización da marca de garantía "Galega 100%":

- a) Os compradores transformadores.
- b) Os industriais lácteos.
- c) Os produtores que destinen o leite e os produtos lácteos obtidos na súa explotación á venda directa ao consumo.

En todo caso, tratarase de operadores cuxos produtos poidan utilizar a marca de garantía de acordo coas condicións establecidas no Decreto 124/2010, do 15 de xullo, polo que se regulan as mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios, publicado no DOG nº 143, do 28 de xullo de 2010.

Artigo 7. Canon

Os operadores licenciatarios da marca de garantía “Galega 100%” aboarán un canon anual en concepto de aluguer da licenza da marca, na cantidade que se estableza nas tarifas aprobadas polo LIGAL.

Capítulo II: Produción e elaboración

Artigo 8.- Características de calidade da materia prima.

A materia prima empregada para a elaboración de leite e produtos lácteos que vaian empregar a marca “Galega 100%” deberá proceder exclusivamente de explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada creado mediante o Decreto 57/2010, do 8 de abril.

Artigo 9.- Rastrexabilidade.

9.1.- Para a fase do proceso que vai desde a produción na explotación ata a entrada no centro de transformación, o sistema de rastrexabilidade será o establecido no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos de leite; mentres que a partir dese momento e ata a saída do lote de produtos o sistema será o que estableza o usuario da marca “Galega 100%”. O devandito usuario deberá dispoñer de mecanismos ou sistemas internos documentados de garantía da rastrexabilidade de todo o proceso de elaboración do leite e dos produtos lácteos desenvolvidos baixo a súa responsabilidade. O sistema deberá garantir que se poida reconstruír en calquera momento a rastrexabilidade ata a explotación de orixe, que deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada creado polo Decreto 57/2010, do 8 de abril de 2010. A documentación deste sistema de rastrexabilidade deberá xuntarse á solicitude de concesión de uso da marca.

9.2.- O incumprimento do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, que supoña a ausencia de identificación de calquera axente que interviñese ou a imposibilidade de correlacionar os lotes ou unidades de venda coas explotacións gandeiras de orixe ou con calquera proceso intermedio anterior ao envasado final suporá a perda do dereito a utilizar a marca.

9.3.- Os usuarios da marca deberán conservar a documentación referida á rastrexabilidade a disposición do LIGAL durante un período mínimo de 3 anos.

Capítulo III: Control e certificación

Artigo 10.- Control e certificación.

10.1.- O sistema de garantía da rastrexabilidade implantado nas empresas usuarias da marca "Galega 100%" complementarase, de acordo co que se estipula no punto 10.2, cun control externo para a autorización do uso da marca de garantía sobre:

a) A información relativa á rastrexabilidade anterior á entrada da materia prima no centro de transformación.

b) O proceso comprendido entre a entrada da materia prima no centro de transformación e a saída do lote de produtos.

10.2.- O control externo será realizado polo LIGAL, como entidade xestora da marca de garantía "Galega 100%", que actuará como entidade certificadora de acordo coas especificacións contidas na norma UNE-EN 45011, relativa ás esixencias que han de observar as entidades que realizan a certificación de produto, aplicadas ao alcance específico da marca de garantía "Galega 100%".

O control externo para a autorización ao uso da marca de garantía comprenderá unha auditoría inicial de certificación e a avaliación satisfactoria das accións correctoras definidas polo operador que hai que certificar como consecuencia das desviacións que, se é o caso, se poidan detectar no proceso de auditoría.

10.3- O período de vixencia da certificación será de tres anos, realizaranse auditorías de seguimento anuais ata a súa renovación.

10.4.- Tanto a auditoría inicial de certificación, as auditorías de seguimento e aquelas auditorías ou controis que o LIGAL considere pertinentes para verificar o bo uso da marca de garantía serán facturados ao usuario da marca.

Artigo 11.- Supervisión do uso da marca.

O LIGAL supervisará o correcto uso da marca e reservarase para si a posibilidade de realizar auditorías e inspeccións.

Os incumprimentos detectados como resultado desta supervisión que non fosen resoltos satisfactoriamente poderán supoñer a retirada ou suspensión da autorización do uso da marca.

O LIGAL controlará o uso indebido da marca de garantía realizado por operadores non autorizados para a súa utilización e exercerá as actuacións que sexan necesarias para a defensa da marca de garantía.

Artigo 12.- Deberes dos usuarios da marca en relación co control.

As empresas autorizadas facilitarán o acceso ás súas dependencias ao persoal do LIGAL, colaborarán no necesario no labor de control de uso da marca e facilitarán tamén a documentación que lles fose requirida.

Artigo 13.- Deberes do LIGAL en relación coas súas funcións de control.

O LIGAL obrígase a non comunicar a terceiros a información que poida recibir no exercicio do cumprimento da súa función como entidade certificadora e de supervisión do uso da marca.

Capítulo IV: Procedemento de autorización

Artigo 14.- Solicitud de licenza de uso da marca.

Os operadores interesados en utilizar a marca "Galega 100%" deberán:

1. Efectuar unha solicitude ao LIGAL, de acordo co modelo oficial que se poña á súa disposición, no que se consignará a información requirida e a indicación da documentación complementaria que cómpre achegar, indicada no anexo II do regulamento.
2. Cumprir os requisitos do presente regulamento.
3. Dispoñer do sistema de rastrexabilidade que se vai empregar, de acordo co establecido no artigo 9 do presente regulamento.
4. Manifestar o compromiso do solicitante de facer un uso correcto da marca e de facilitar ao LIGAL como empresa certificadora o seu labor de control.
5. Aboar ao titular da marca o canon establecido para o seu caso

Artigo 15.- Outorgamento da autorización.

Tras a verificación da documentación presentada, e de non existir defectos na solicitude ou estes fosen emendados, o LIGAL procederá á realización do control de acordo co especificado no artigo 10 do presente regulamento, e unha vez superada a fase de auditoría, o LIGAL subscribirá co operador o correspondente contrato de licenza de uso da marca, onde se lle outorgará a autorización para o uso da marca, logo da aceptación do solicitante das condicións xerais e particulares de uso e ter satisfeito o canon establecido.

A autorización manterase vixente coa condición de que o operador cumpra cos requisitos establecidos polo LIGAL, como entidade certificadora daqueles produtos para os que se definiu un sistema de calidade de acordo coa Norma EN 45011 e que se atopen dentro do alcance específico da marca "Galega 100 %".

A autorización terá unha duración determinada, poderase outorgar por períodos superiores a un ano. Estas licenzas poderán renovarse tras o seu vencemento por acordo de ambas as partes.

Capítulo V: Condicións de uso**Artigo 16.- Uso da marca.**

A marca "Galega 100%" só poderá ser utilizada polos operadores autorizados, nas condicións e forma específica que se sinalen en tal autorización e para os produtos lácteos e marcas comerciais autorizados. Os termos desta autorización interprétanse de xeito restritivo.

Para unha determinada categoría de produto lácteo elaborado por unha empresa interesada, a marca comercial para a que se conceda o uso da marca "Galega 100%" deberá ser utilizada en exclusiva, de maneira que para a dita categoría toda a produción que se comercialice coa marca á que se concede o uso da marca "Galega 100%" deberá cumprir os requisitos para poder levar a dita marca.

Artigo 17.- Prohibición de rexistro e uso efectivo da marca.

1. Os usuarios da marca non a poderán usar á marxe do contrato de uso ou solicitar a inscrición en ningún país dun signo idéntico ou semellante ou que de calquera forma poida inducir a erro, confusión ou aproveitamento da fama e reputación da marca "Galega 100%".

2. A marca “Galega 100%” non poderá ser utilizada de maneira que poida causar descrédito, prexudicar a súa reputación ou inducir a erro aos consumidores sobre as características do produto lácteo ao que se aplica.

Artigo 18.- Utilización da marca.

1. O manual de uso da marca “Galega 100%” é o que figura no anexo I deste regulamento.
2. A marca “Galega 100%” só se poderá utilizar de xeito accesorio e nunca a título principal ou substitutivo da marca do usuario. En particular, a marca “Galega 100%” non poderá figurar na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos cun tamaño igual ou superior á marca do usuario nin estar colocada nun lugar tan predominante que induza a erro sobre a súa condición de marca non principal.
3. O LIGAL poderá establecer normas específicas para o uso da marca, o logotipo e as súas aplicacións na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos lácteos que teñan dereito ao seu uso, sen prexuízo do establecido na normativa xeral de aplicación.
4. A marca só poderá ser utilizada polo operador autorizado, sen que este poida ceder ou conceder sublicenzas, total ou parcialmente, os dereitos que deriven de tal autorización.

Artigo 19.- Extinción do dereito de uso.

O dereito de uso da marca extinguirase en caso de suspensión de pagamentos, concurso de acredores, creba, liquidación, fusión, absorción, cesión de fondo de comercio ou dalgún dos seus elementos de operador autorizado, ou en caso de incumprimento dos requisitos establecidos polo LIGAL, como entidade certificadora, que puidesen cuestionar todo o proceso de certificación do produto. O operador autorizado non poderá dar como garantía o dereito de uso que lle corresponde sobre a marca “Galega 100%”, nin tampouco poderá ser este embargado ou ser obxecto doutras medidas de execución.

Capítulo VI: Disposicións derradeiras.

Artigo 20.- Defensa da marca.

1. No caso de infracción da marca corresponderá ao seu titular a lexitimación para exercer as accións que correspondan para a defensa desta, prohibiráselles aos usuarios exercer calquera tipo de acción en tal sentido.

2. Se algún operador autorizado ten coñecemento dunha presunta infracción ou utilización ilícita da marca “Galega 100%”, deberá poñelo en coñecemento inmediato do seu titular, comunicándolle os datos precisos para que o titular da marca poida exercer as accións pertinentes.

Artigo 21.- Responsabilidade por defectos.

1. O titular da marca só garante aos operadores autorizados a usar a dita marca o feito da propia existencia da marca, así como a súa inscrición e vixencia no Rexistro de Marcas que se leva na Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. Os operadores autorizados para utilizar a marca serán os únicos responsables dos defectos dos seus produtos, de tal forma que non poderán, en ningún caso, responsabilizar o titular da marca por este feito.

3. En todo caso, o usuario da marca deberá asumir por conta propia as indemnizacións e prexuízos ocasionados a terceiros que deriven das súas accións ou omisións.

Artigo 22.- Sancións.

1. No suposto de incumprimento das normas do presente regulamento de uso, así como das ulteriores e posibles modificacións que legalmente se realicen del, e das normas específicas que o LIGAL estableza para o efecto, revogarase con carácter automático a autorización outorgada para utilizar a marca, sen que o operador autorizado poida esixir do titular desta ningunha indemnización .

2. O operador será responsable, polo devandito incumprimento, dos danos que se causen ao titular da marca ou a terceiros.

3. Nos casos nos que se comprobe que os produtos que levan a marca non responden a criterios establecidos neste regulamento de uso, deberán retirarse do mercado todos os produtos sospeitosos destes incumprimentos. Este deber incumbirá tamén ao operador autorizado logo de ser revogada a autorización.

Artigo 23.- Modificación do regulamento de uso.

As modificacións do presente regulamento de uso serán notificadas ás persoas autorizadas para que as acepten e cumpran para os efectos de poder continuar utilizando a marca.

Anexo I. Manual de imaxe da marca de garantía “Galega 100%”.

Anexo II. Solicitud de uso da marca de garantía “Galega 100%”

A solicitud realizárase no formato establecido polo titular da marca e nela indicárase :

- Razón social e domicilio social do interesado.
- Se a empresa non é titular das instalacións deberá especificarse esta circunstancia, e indicárase quen é o propietario e cal é o título de uso.
- Inscripción no Rexistro Mercantil da sociedade e nome do xerente ou responsable.
- Estimación do consumo de leite en xeral e do que vaia utilizar a marca.
- Produtos e marcas para os que se solicita a marca “Galega 100%”.

Ademais, xuntárase á solicitud a seguinte documentación:

- Instalacións, maquinaria e bens de equipo con que conta.
- Clase e cantidade estimada de produtos lácteos elaborados en xeral e, en particular, os que van levar a marca.
- Capacidade de elaboración das distintas liñas de produción en xeral e, en particular, para os produtos para os que se solicita a marca.
- Inscripción no Rexistro Xeneral Sanitario de Alimentos.
- Documentación do sistema de rastrexabilidade que se vai empregar, de acordo co establecido no artigo 9 deste regulamento.
- Documentación dos sistemas de calidade que o operador teña establecidos para a xestión da calidade dos seus produtos, a organización, xestión e garantía da calidade.
- Compromiso do solicitante de facer un uso correcto da marca e de facilitar ao LIGAL como entidade certificadora o seu labor de control.